

HISTORIA DA FILOSOFÍA

O exame consta de 4 preguntas compostas por comentario de texto filosófico e desenvolvemento dun tema. Deberá contestar **UNHA DAS CATRO PREGUNTAS**. Se responde máis preguntas das permitidas, **só será corrixida a primeira respondida**.

PREGUNTA 1. Responda os dous apartados:

1.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Realidade e coñecemento en Platón”. (6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)

-Imaxina homes nunha especie de morada subterránea en forma de caverna, cunha longa entrada aberta, en toda a súa extensión, á luz, e imaxina que están alí dende nenos coas pernas e o pescozo encadeados de maneira que teñen que permanecer alí e mirar unicamente cara adiante, pois as cadeas impídenlles xirar a cabeza. Máis lonxe a luz dun lume que arde máis arriba, detrás deles e entre o lume e os encadeados un camiño máis alto; e ao longo do camiño imaxina que foi construído un muro (...).

- (...)

-Considera, agora, que pasaría se fosen liberados das súas cadeas e curados da súa ignorancia, (...) que un deles fose ceibado e obrigado a levantarse, a volver o pescozo, a camiñar e a mirar cara á luz e que, ao facer isto, sufrise e que a causa do escintileo da luz non fose quen de percibir aquelas cousas das que ata entón vía sombras.

- (...)

-E se fose forzado a mirar á luz mesma, non cres que lle doerían os ollos e que fuxiría virando cara ao que pode contemplar e que crería que estas son máis claras que as que se lle mostran?

- (...)

- Pois ben, meu querido Glaucón, esa imaxe débemola aplicar totalmente ao dito anteriormente; hai que comparar a rexión que se manifesta por medio da vista coa morada do cárcere e esa luz do lume co poder do sol; compara o ascenso ao mundo de arriba e a contemplación das cousas deste coa ascensión da alma á rexión do intelixible e non errarás respecto do que espero que é o que ti desexas oír. (...) O que a min me parece é que no mundo intelixible o último que se percibe, e con dificultade, é a idea do ben, pero, unha vez percibida, hai que colixir que é a causa de todo o recto e fermoso que hai en todas as cousas e que no mundo visible xerou a luz e ao señor desta e que no mundo intelixible xerou a verdade e o coñecemento.
(PLATÓN: *República*, Libro VII, 514a-517b).

1.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)

1.2.1. Descartes: o problema do método e a evidencia do *cogito*.

1.2.2. A lei moral en Kant.

1.2.3. Alienación e ideoloxía en Marx.

PREGUNTA 2. Responda os dous apartados:

2.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Ética e política en Aristóteles”. (6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)

Xa que existen dúas clases de virtude, a dianoética e a ética, a dianoética xorde e medra principalmente pola aprendizaxe e por iso precisa de experiencia e de tempo. En cambio a ética xorde do costume e por iso o seu nome varía un pouco do de “costume”. Deste feito resulta evidente que ningunha das virtudes éticas se dá en nós por natureza, pois nada do que existe por natureza cambia por costume. Así, por exemplo, a pedra, que por natureza vai cara abaixo, non se afaría a ir cara arriba por máis que se intentase meterlle o costume tirándoa moitas veces cara arriba, nin o lume se afaría a ir cara abaixo, nin ningunha outra cousa que é de certa natureza podería afacerse a ter outra distinta. Así é que as virtudes non se producen por natureza nin contra a natureza, senón porque temos de noso aptitude para recibilas e perfeccionalas mediante o costume.
(ARISTÓTELES: *Ética a Nicómaco*, Libro II, 1103a-1104a)

2.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)

2.2.1. Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade.

2.2.2. Razón e progreso na Ilustración.

2.2.3. Nietzsche: crítica da cultura occidental.

PREGUNTA 3. Responda os dous apartados:

**3.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “O liberalismo político de Locke”.
(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión)**

§ 6. Pero, aínda que este sexa un estado de liberdade, non é, porén, un estado licencioso; aínda que o home neste estado teña unha incontrolada liberdade para dispoñer da súa persoa e propiedades, con todo, non ten liberdade para destruírse a si mesmo, ou menos aínda a calquera criatura que estea no seu poder, excepto no caso en que algunha razón máis nobre que a súa preservación o guíase. O estado de Natureza ten unha lei da Natureza para gobernarse, a cal obriga a todo o mundo. (...) E sendo creados con tales facultades, compartindo todos a mesma comunidade da natureza, non pode ser suposta ningunha subordinación entre nós que nos autorice a destruírnos uns a outros como se fomos feitos para outros usos, como as criaturas de inferior rango o foron con respecto a nós. Cada un está obrigado a preservarse a si mesmo e a non abandonar o seu posto por libre decisión, pola sinxela razón de que, cando a súa propia preservación non está en xogo, deberá, tanto como poida, preservar o resto da humanidade, e nunca, excepto para facer xustiza a un ofensor, roubar ou prexudicar a vida doutro, ou o que axude á súa preservación, liberdade, saúde, integridade ou bens.

(LOCKE: *Ensaio sobre o goberno civil*, Cap. 2, § 6).

3.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)

3.2.1. A orixe do cosmos na corrente presocrática.

3.2.2. Platón: antropoloxía e política.

3.2.3. Alienación e ideoloxía en Marx.

PREGUNTA 4. Responda aos dous apartados:

**4.1. Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: “Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade”.
(6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión).**

Todos os razoamentos referentes a materias de feito parecen estar fundados na relación de *causa e efecto*. Por medio desa única relación podemos ir máis aló da evidencia da nosa memoria e dos nosos sentidos. (...) E neles suponse constantemente que hai unha conexión entre o feito presente e ese que se infire del. Se non houberse nada que os ligase, a inferencia sería completamente precaria. (...)

Polo tanto, se quixeramos satisfacernos no referente á natureza da evidencia que nos garante as cuestións de feito, deberíamos preguntarnos como chegar ao coñecemento da causa e do efecto.

Aventurarei-me a afirmar, como proposición xeral que non admite excepcións, que o coñecemento desta relación non se acada en ningún caso por razoamentos *a priori*, senón que procede da experiencia, na que achamos que uns obxectos particulares calquera están continuamente unidos entre si.

(HUME: *Investigación sobre o coñecemento humano*, Sección IV, Parte I).

4.2. Explique un dos tres temas: (4 puntos)

4.2.1. Física e Metafísica en Aristóteles.

4.2.2. O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval.

4.2.3. Ortega y Gasset: a razón vital.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

El examen consta de 4 preguntas compuestas por comentario de texto filosófico y desarrollo de un tema. Deberá contestar **UNA DE LAS CUATRO PREGUNTAS**. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirá la primera respondida**.

PREGUNTA 1. Responda los dos apartados:

1.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “Realidad y conocimiento en Platón”. (6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)

-Representate hombres en una morada subterránea en forma de caverna, que tiene la entrada abierta, en toda su extensión, a la luz. En ella están desde niños con las piernas y el cuello encadenados, de modo que deben permanecer allí y mirar sólo delante de ellos, porque las cadenas les impiden girar en derredor la cabeza. Más arriba y más lejos se halla la luz de un fuego que brilla detrás de ellos; y entre el fuego y los prisioneros hay un camino más alto, junto al cual imagínate un tabique construido de lado a lado (...).

-(...)

-Examina ahora el caso de una liberación de sus cadenas y de una curación de su ignorancia, (...) que uno de ellos fuera liberado y forzado a levantarse, volver el cuello y marchar mirando a la luz y, al hacer todo esto, sufriera y a causa del encandilamiento fuera incapaz de percibir aquellas cosas cuyas sombras había visto antes.

-(...)

-Y si se le forzara a mirar hacia la luz misma, ¿no le dolerían los ojos y trataría de eludirla, volviéndose hacia aquellas cosas que podía percibir, por considerar que éstas son realmente más claras que las que se le muestran?

-(...)

-Pues bien, querido Glaucón, debemos aplicar íntegra esta alegoría a lo que anteriormente ha sido dicho, comparando la región que se manifiesta por medio de la vista con la morada-prisión, y la luz del fuego que hay en ella con el poder del sol; compara, por otro lado, el ascenso y la contemplación de las cosas de arriba con el camino del alma hacia el ámbito inteligible, y no te equivocarás en cuanto a lo que estoy esperando, y que es lo que deseas oír. (...); en todo caso, lo que a mí me parece es que lo que dentro de lo cognoscible se ve al final, y con dificultad, es la Idea del Bien. Una vez percibida, ha de concluirse que es la causa de todas las cosas rectas y bellas, que en el ámbito visible ha engendrado la luz y al señor de ésta, y que en el ámbito inteligible es señora y productora de la verdad y de la inteligencia.

(PLATÓN: *República*, Libro VII, 514a-517b).

1.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)

1.2.1. Descartes: el problema del método y la evidencia del *cogito*.

1.2.2. La ley moral en Kant.

1.2.3. Alienación e ideología en Marx.

PREGUNTA 2. Responda los dos apartados:

2.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “Ética y política en Aristóteles”. (6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)

Y, claro, dado que la virtud es doble -una intelectual (dianoética) y otra moral (ética)-, la intelectual toma su origen e incremento del aprendizaje en su mayor parte, por lo que necesita experiencia y tiempo; la moral, en cambio, se origina a partir de la costumbre, por lo que incluso de la costumbre ha tomado el nombre con una pequeña variación. De aquí resulta también evidente que ninguna de las virtudes morales se origina en nosotros por naturaleza: en efecto, ninguna de las cosas que son por naturaleza se acostumbran a otro comportamiento. Por ejemplo, la piedra, que se dirige por naturaleza hacia abajo, nunca podría acostumbrarse a dirigirse hacia arriba, ni aunque uno tratara de acostumbrarla tirándola miles de veces hacia arriba; ni el fuego hacia abajo, ni ningún otro de los elementos que se originan de una manera podría acostumbrarse a un comportamiento diferente. Por consiguiente, las virtudes no se originan ni por naturaleza ni contra naturaleza, sino que lo hacen en nosotros que, de un lado, estamos capacitados naturalmente para recibir las y, de otro, las perfeccionamos a través de la costumbre. (ARISTÓTELES: *Ética a Nicómaco*, Libro II, 1103a-1104a).

2.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)

2.2.1. Hume: crítica de las ideas de sustancia y causalidad.

2.2.2. Razón y progreso en la Ilustración.

2.2.3. Nietzsche: crítica de la cultura occidental.

PREGUNTA 3. Responda los dos apartados:

**3.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolle la cuestión: “El liberalismo político de Locke”.
(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)**

§ 6. Pero, aunque ese estado natural sea un estado de libertad, no lo es de licencia; aunque el hombre tenga en semejante estado una libertad sin límites para disponer de su propia persona y de sus propiedades, esa libertad no le confiere derecho de destruirse a sí mismo, ni siquiera a alguna de las criaturas que posee, sino cuando se trata de consagrarla con ello a un uso más noble que el requerido por su simple conservación. El estado natural tiene una ley natural por la que se gobierna, y esa ley obliga a todos. (...) Y como están dotados de idénticas facultades y todos participan en una comunidad de Naturaleza, no puede suponerse que exista entre nosotros una subordinación tal que nos autorice a destruirnos mutuamente, como si los unos hubiésemos sido hechos para utilidad de los otros, tal y como fueron hechas las criaturas de rango inferior, para que nos sirvamos de ellas. De la misma manera que cada uno de nosotros está obligado a su propia conservación y a no abandonar voluntariamente el puesto que ocupa, lo está asimismo, cuando no está en juego su propia conservación, a mirar por la de los demás seres humanos y a no quitarles la vida, a no dañar ésta, ni todo cuanto tiende a la conservación de la vida, de la libertad, de la salud, de los miembros o de los bienes de otro, a menos que se trate de hacer justicia a un culpable.

(LOCKE: *Ensayo sobre el gobierno civil*, cap. 2, § 6).

3.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)

3.2.1. El origen del cosmos en la corriente presocrática

3.2.2. Platón: antropología y política.

3.2.3. Alienación e ideología en Marx

PREGUNTA 4. Responda los dos apartados:

**4.1. Comente el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desenvuelva la cuestión: “Hume: crítica de las ideas de sustancia y causalidad”.
(6 puntos: 3 para el comentario y 3 para la cuestión)**

Todos los razonamientos referentes a las cuestiones de hecho parecen estar fundados en la relación de *causa y efecto*. Por medio de esta singular relación superamos la evidencia de nuestra memoria y nuestros sentidos. (...) Y, de este modo, se supone constantemente que hay alguna conexión entre el hecho presente y ese que se deduce de él. Si no hubiera nada que los relacionase, la inferencia sería del todo inexacta. (...)

Por tanto, si deseamos llegar a algo satisfactorio en lo referente a la naturaleza de esa evidencia que nos ofrece confirmación de las cuestiones de hecho, debemos entonces indagar cómo llegamos al conocimiento de la causa y el efecto.

Me atrevo a sostener, a modo de proposición general que no admite excepción, que el conocimiento de esta relación no se logra, en ningún caso, mediante razonamientos *a priori*, sino que proviene enteramente de la experiencia, cuando encontramos que los objetos particulares están constantemente vinculados unos a otros.

(HUME: *Investigación sobre el conocimiento humano*, Sección IV, Parte I).

4.2. Explique uno de los tres temas: (4 puntos)

4.2.1. Física y Metafísica en Aristóteles.

4.2.2. El problema Razón/Fe en la Filosofía Medieval.

4.2.3. Ortega y Gasset: la razón vital.